



CASA MUSEO
MANUEL
ANTONIO



O poeta do mar

Rianxo

O mar feita tradición



Manuel Antonio (1900-1930)

Naceu en Rianxo o 12 de xullo de 1900. Con dous anos ten que marchar a Padrón. Ao pouco tempo comeza a carreira eclesiástica, ben que aos 11 anos decide deixala e no 1913 matricúlase no bacharelato en Santiago de Compostela.

É en Santiago onde comeza coa súa militancia polo galego e o republicanismo.

As súas estancias en Santiago combínanse coas que pasa en Rianxo co seu amigo Rafael Dieste e co seu curmán “Roxerius”.



A partir de 1921 intensifica a súa actividade literaria e o seu compromiso co galego.

Os seus últimos anos pásaos no mar.

O 28 de xaneiro de 1930, con 29 anos, morre na casa familiar de Asados.

Obra

Cos anacos do meu interior (1920-1922)

Foulas (1922-1925)

De catro a catro (1926-1927),

Sempre e máis despois (1927)

Viladomar (1928)

Poemas soltos

Planta baixa

O Rianxo da época



Na planta baixa, unha colección de fotografías tomadas por “Pepito Pérez” (fotógrafo afeccionado) curmán de Manuel Antonio, amosan o Rianxo de principios de século, no que se encadra a vida do **poeta do mar**.

Un anaco da historia da vila mariñeira, que acolleu a personaxes como **Manuel Antonio**, **Castelao** ou **Rafael Dieste**.




O meu nome
acenderá unha estrela nova
en cada constelación.



Primeiro andar

As primeiras pegadas



No primeiro andar amósase como foi o principio da andaina de Manuel Antonio, dende pequeno ata ben mozo.

O escritor gardaba con agarimo todo tipo de obxectos: cromos infantís, “notiñas” que lle escribía aos amigos, unha carta a unha moza de Asados,...

Dous elementos significativos marcan a vida de Manuel Antonio: a carta que lle escribiu a súa nai transmitíndolle os seus desexos de deixar a carreira eclesiástica para matricularse no bacharelato e a solicitude para cursar os estudos de náutica en Vigo.

O compromiso

Pacto de sangue que fixo Manuel Antonio aos 16 anos con Manuel Xoaquín González e Marcial Rodríguez. Nel, os tres amigos, comprométense a falar e defender o galego sempre.

Este feito determina un antes e un despois no facer do Poeta.



Segundo andar

A rebeldía

As pegadas que deixa Manuel Antonio no andar do compromiso co idioma a carón doutros grandes como Castelao, Vicente Risco ou Otero Pedrayo.



O final da viaxe

O período no que Manuel Antonio estivo no mar, facendo as prácticas de náutica, a bordo do Gelria, o Ría de Arousa e o Constantino Candeira, onde escribiu varios poemas e “*De catro a catro*”, a súa obra máis importante.

A viaxe de volta á casa para acabar os seus días no seu fogar en Asados, doente de tuberculose.



Rianxo

O mar feito tradición



Rianxo
Turismo



Rianxo
Educación e Cultura e Normalización
Lingüística

Rúa de Abaixo, 15920 Rianxo (A Coruña)

Tlf: 661 610 085

casamuseomanuelantonio@concelloderianxo.es

[www.omarfeitotradicion.com/
museodemmanuelantonio](http://www.omarfeitotradicion.com/museodemmanuelantonio)